

## ESCOLA DA VIDA

# M(anu)al de escola

14.03.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Recentemente apareceu nas librerías galegas un libro que leva as trazas de converterse nun clásico sobre os temas escolares de todos os tempos. Este libro foi escrito polo profesor e, segundo el mesmo, zoquete alumno francés Daniel Pennac. O título orixinal *Chagrin d'école* debería ser traducido por algo así como *Mágoa de escola*, pero tanto no título da tradución española como na da galega aparece como *Mal de escola*. No caso galego, a súa tradución débese a Xabier Senín, un tradutor xa clásico, que ademais é catedrático de francés.

*Chagrin d'école* tráenos a moitos de nós á memoria as nosas vivencias escolares, sobre todo a aqueles que, coma min, non fomos uns alumnos avantaxados, ou que non fixemos, dende o primeiro momento, da escola o noso centro de interese. Alumnos que, coma moitos dos de hoxe, buscabamos outros elementos da vida cotiá como referentes da nosa existencia. Pero tamén alumnos que co paso dos anos escolares encontramos eses profesores ou profesoras que tocaron a nosa tecla da conciencia polo estudo. Para uns foron o de Matemáticas, para outros a de Historia ou a de Filosofía ou..., pero moitos descubrimos como conseguir encarrilar o noso futuro profesional grazas a eles. Diso fala moito o noso autor, pero tamén de como despois, cando chegou a ser profesor, buscou esa conexión cos seus alumnos. Uns alumnos que non veñen descritos nos manuais da Pedagogía: os alumnos zoquetes, os distraídos do que son as pretensións da educación escolar.

Para Pennac esta non é nin moito menos a súa primeira obra, senón que xa é un autor consagrado por un amplo número de novelas, polo que o seu estilo encomiable e a súa sorna fan do libro unha obra didáctica e divertida de ler. Este libro propoñeríao, xunto con algún máis, como lectura obrigatoria nos centros de ensino tanto nos universitarios como no resto, pois arrédanos da visión teorizante e aburrida dos ensaios sobre o devandito tema.

Este libro avala unha visión que empeza a ser mantida por moitos escolantes, a de que os alumnos de hoxe son coma os de antes, só que as oportunidades que lles ofrece o seu contorno son diferentes, e aí é onde está a cerna da cuestión: colocar o profesor de hoxe no sentir do alumno de hoxe. Con *Mal de escola*, o profesor ten un manual para conseguir as claves que lle permitan ver camiños polos que andan os seus alumnos.